

**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**Modelo MD85PR001**

## **Programación**

**Centro:** CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Materia/disciplina:** MÚSICA DE CÁMARA

**Curso:** 2024 - 2025

## Índice

---

1	Introdución.....	4
2	Metodoloxía.....	6
3	Atención á diversidade.....	8
4	Temas transversais.....	8
4.1	Educación en valores.....	9
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	9
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	10
6	Secuenciación do curso.....	11
6.1	Curso: 3º de Grao Profesional.....	11
6.1.1	Obxectivos 3º curso Grao Profesional.....	11
6.1.2	Contidos 3º curso Grao Profesional.....	11
6.1.3	Avaliación 3º curso Grao Profesional.....	12
6.1.4	Medidas de recuperación 3º curso Grao Profesional.....	15
6.1.5	Recursos didácticos 3º curso Grao Profesional (canto).....	17
6.2	Curso: 4º de Grao Profesional.....	18
6.2.1	Obxectivos 4º curso Grao Profesional.....	18
6.2.2	Contidos 4º curso Grao Profesional.....	18
6.2.3	Avaliación 4º curso Grao Profesional.....	19
6.2.4	Medidas de recuperación 4º curso Grao Profesional.....	22
6.2.5	Recursos didácticos 4º curso Grao Profesional.....	24
6.3	Curso: 5º de Grao Profesional.....	25
6.3.1	Obxectivos 5º curso Grao Profesional.....	25
6.3.2	Contidos 5º curso Grao Profesional.....	25
6.3.3	Avaliación 5º curso Grao Profesional.....	26
6.3.4	Medidas de recuperación 5º curso Grao Profesional.....	29
6.3.5	Recursos didácticos 5º curso Grao Profesional.....	31
6.4	Curso: 6º de Grao Profesional.....	32
6.4.1	Obxectivos 6º curso Grao Profesional.....	32
6.4.2	Contidos 6º curso Grao Profesional.....	32
6.4.3	Avaliación 6º curso Grao Profesional.....	33
6.4.4	Medidas de recuperación 6º curso Grao Profesional.....	36
6.4.5	Recursos didácticos 6º curso Grao Profesional.....	39
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica ..	40
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento ..	40
9	ANEXOS.....	41
9.1	Probas de acceso a outros cursos.....	41
9.1.1	Probas de acceso a 4º curso do Grao Profesional (só para canto).....	41
9.1.2	Probas de acceso a 5º curso do Grao Profesional (só para canto).....	41
9.1.3	Probas de acceso a 6º curso do Grao Profesional.....	42
9.2	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	44

9.3 Repertorio orientativo por especialidades.....	45
9.4 Rúbrica (A) de evaluación continua (evaluaciones trimestrales).....	51
9.5 Rúbrica (B) de evaluación puntual (para el caso en que la evaluación continua no sea posible, para la evaluación extraordinaria y para la ampliación de matrícula).....	52
9.6 Rúbrica (C) de evaluación para las pruebas de acceso a otros cursos de Grado Profesional.....	53

## 1 Introdución

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Profesional, así coma os específicos da materia de MÚSICA DE CÁMARA, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

A Materia de MUSICA DE CÁMARA constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentar e aplicar as habilitades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias e, por outra banda, responder a un conxunto de necesidades educativas do alumnado de música que difícilmente poden ser atendidas se non é a través desta disciplina. Entre outras cousas, cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en tódolos seus aspectos, é o medio idóneo para desenvolver o sentido da afinación, a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco ou a respiración nos instrumentos de vento, e é imprescindible para a maduración musical no terreo da expresividade. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

Por outra parte, favorece a presenza activa do alumnado nas agrupacións que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do alumnado na programación cultural do centro e da cidade.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación [edu.xunta.gal](http://edu.xunta.gal). Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

- Outros aspectos de aplicación práctica desta programación

Como non pode ser de outro xeito, para a impartición desta materia distribuirase o alumnado en grupos instrumentais ou vocais ao comezo do curso, e sempre en función

das posibilidades en canto a dispoñibilidade de profesorado, espazos do centro e existencia de repertorio adecuado para cada grupo, buscando o maior aproveitamento pedagóxico para os alumnos e alumnas.

Esta materia impártese para todas as especialidades nos cursos 5º e 6º do Grao Profesional, e na especialidade de Canto tamén nos cursos 3º e 4º do mesmo grao. Por tanto, o referente aos cursos 3º GP e 4º GP so será de aplicación para o alumnado desta especialidade, mentres que o indicado para os cursos 5º GP e 6º GP será de aplicación para todas as especialidades, incluída a de Canto.

Como non pode ser de outro xeito, para a impartición desta materia distribuirase o alumnado en grupos instrumentais ou vocais ao comezo do curso, e sempre en función das posibilidades en canto a dispoñibilidade de profesorado, espazos do centro e existencia de repertorio adecuado para cada grupo, buscando o maior aproveitamento pedagóxico para os alumnos e alumnas.

Amais favorecerase a participación de ditos grupos de música de cámara nas actividades culturais e de promoción das ensinanzas que organice o centro, ou nas que participe activamente, como parte esencial da formación musical nesta área.

## 2 Metodoloxía

Con carácter xeral primarase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudio, entre outros aspectos.

A materia de Música de Cámara presenta a particularidade de ter na mesma aula a alumnado de varias especialidades instrumentais e pode que de cursos diferentes do Grao Profesional, por tanto con diferentes estados evolutivos e niveis instrumentais. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada conxunto, xa que evidentemente, o repertorio a preparar na clase é común a todo o alumnado de cada agrupación.

- Principios metodolóxicos xerais:

**Actividade e participación:** daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliação dos mesmos (autoavaliación e coavalidación).

**Motivación e autoestima:** no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

**Aprendizaxe significativo:** de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

**Principios de globalización:** o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

**Personalización e atención á diversidade:** para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo - clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado - alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavalización), alumnado - profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

- Principios metodológicos específicos da materia:

### 3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, disponible na páxina súa páxina web. Enlace: [conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos](http://conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos)

### 4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrófono, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titulares legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móvil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

## 5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

## 6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese nos cursos de 5º e 6º do Grao Profesional e na especialidade de canto tamén nos cursos de 3º e 4º do Grao Profesional

### 6.1 Curso: 3º de Grao Profesional

Só presente no currículo das ensinanzas profesionais de canto

#### 6.1.1 Obxectivos 3º curso Grao Profesional

- a) Valorar a importancia da música de cámara como parte fundamental da formación musical de canto, así coma fondar nas características da voz coma instrumento e a súa funcionalidade e posibilidades dentro da música de cámara.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do grupo de cámara e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.
- e) Afondar, tanto individual coma colectivamente, nos conceptos estéticos e expresivos de cada obra a través do estudio do contexto histórico, cultural e persoal do autor. Perfillar a visión estética propia e conseguir comunicala para chegar á unidade interpretativa do grupo.
- f) Fomentar o espíritu crítico no alumnado, para coa súa propia interpretación individual e a do conxunto, que favoreza un estudo mais metódico e detallista e maior consciencia na interpretación.
- g) Traballar e mellorar a capacidade de repertización e lectura do alumnado.
- h) Participar nas audicións e concertos propostas polo departamento de conxunto como parte imprescindible da formación musical do intérprete interpretando obras, movementos ou pequenas pezas de distintas épocas e estilos dentro da agrupación camerística correspondente.

#### 6.1.2 Contidos 3º curso Grao Profesional

- A unidade sonora da agrupación: respiración, vocalización, ataque, vibrato, articulación, ritmo, fraseo, fiato...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, afinación, acompañamento. Agóxica e dinámica
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
- Interpretación e análise de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.

- Audicións comparadas de diversos intérpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras de mínima dificultade
- Interpretación en público das obras traballadas no curso participando nas audicións e concertos programados.

#### 6.1.3 Avaliación 3º curso Grao Profesional

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.

#### Criterios de avaliação

1. **Interpretar obras de distintas épocas e estilos** dentro da agrupación correspondente 3 lieder e 3 cancións de concerto iberoamericanas e que ao menos unha delas sexa en galego. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os componentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes).
2. **Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte.** Demostrar a súa capacidade de adaptación e axuste ao grupo durante a interpretación. (Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo).
3. **Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade** na agrupación que corresponda. (Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra). (MINIMO ESIXIBLE)
4. **Traballo individual do repertorio programado.** (Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical). (MINIMO ESIXIBLE)
5. **Interpretar en público,** nas audicións ou concertos organizadas a tal fin, o repertorio traballado nas sesións de clase. (Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos

e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada).

### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

### Procedementos e ferramentas de avaliação

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do nivel técnico do alumnado
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliação é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliação do alumnado:

- Observación directa e seguimiento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliação e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.
- No caso de non poder participar na audición ou concerto público por causa xustificada o profesor/a propondrá unha data para unha audición interna grabada en video na clase.

Dada a importancia que ten a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliação, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliação do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificaciones parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

### Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUD FRONTE A MATERIA: participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TRABALLO DE INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL: Lectura a primeira vista (mínimo esixible), dominio da técnica de base do instrumento no relativo á control da afinación da sonoridade e do ritmo seguindo ás indicaciones de dinámica e agóxica. (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- TRABALLO DE INTERPRETACIÓN NA AGRUPACIÓN: Adaptación ao grupo en canto a sonoridade, articulación e estilo adecuado (mínimo esixible) Coñecemento e dominio da xestualidade apropiada na interpretación en grupo. Interpretación das obras traballadas en audicións e concertos públicos. 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a Rúbrica A publicada nesta programación (ver anexos).

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras programadas para o curso. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir si é valida para o curso.

Parte C) Interpretación en grupo das obras traballadas durante o primeiro trimestre do curso. O aspirante deberá aportar os acompañantes necesarios para realizar esta proba. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir si é valida para o curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movimentos programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar as obras/movimentos propostas dentro da agrupación utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a Rúbrica B publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

#### 6.1.4 Medidas de recuperación 3º curso Grao Profesional

##### Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliaciós parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliaciós parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Parte C) Interpretación en grupo das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movementos traballadas en clase ata ese momento. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar as obras/movementos dentro da agrupación traballadas en clase ata ese momento, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

### Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento a elección do profesorado

Parte B) Interpretación da parte individual das obras programadas para o curso. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir si é valida para o curso.

Parte C) Interpretación en grupo das obras programadas para o curso. O aspirante deberá aportar os acompañantes necesarios para realizar esta proba. Se o alumno/a ten outra proposta de repertorio deberá consultala previamente co profesor/a para decidir si é valida para o curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente das obras/movimentos programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar as obras/movimentos propostas dentro da agrupación utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requerir únicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliação negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

#### 6.1.5 Recursos didácticos 3º curso Grao Profesional (canto)

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).

## 6.2 Curso: 4º de Grao Profesional

Só presente no currículo das ensinanzas profesionais de canto

### 6.2.1 Obxectivos 4º curso Grao Profesional

- a) Valorar a importancia da música de cámara como parte fundamental da formación musical de canto, así coma fondar nas características da voz coma instrumento e a súa funcionalidade e posibilidades dentro da música de cámara.
- b) Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ao mesmo tempo que se executa a propia.
- c) Utilizar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do grupo de cámara e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.
- d) Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada sen director ou directora.
- e) Afondar, tanto individual coma colectivamente, nos conceptos estéticos e expresivos de cada obra a través do estudio do contexto histórico, cultural e persoal do autor. Perfillar a visión estética propia e conseguir comunicala para chegar á unidade interpretativa do grupo.
- f) Fomentar o espíritu crítico no alumnado, para coa súa propia interpretación individual e a do conxunto, que favoreza un estudo mais metódico e detallista e maior consciencia na interpretación.
- g) Traballar e mellorar a capacidade de repertización e lectura do alumnado.
- h) Participar nas audicións e concertos propostas polo departamento de conxunto como parte imprescindible da formación musical do intérprete interpretando obras, movementos ou pequenas pezas de distintas épocas e estilos dentro da agrupación camerística correspondente.

### 6.2.2 Contidos 4º curso Grao Profesional

- A unidade sonora da agrupación: respiración, vocalización, ataque, vibrato, articulación, ritmo, fraseo, fiato...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, afinación, acompañamento. Agóxica e dinámica
- Estudo e práctica dos xestos anacrúsicos necesarios para interpretar sen director.
- Interpretación e análise de obras básicas do repertorio que inclúan diferentes estilos.
- Audicións comparadas de diversos intérpretes para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.
- Práctica da repertización en obras de mínima dificultade
- Interpretación en público das obras traballadas no curso participando nas audicións e concertos programados.

### 6.2.3 Avaliación 4º curso Grao Profesional

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo do proceso de ensinanza - aprendizaxe.

#### Criterios de avaliação

1. **Interpretar obras de distintas épocas e estilos** dentro da agrupación correspondente 3 liedter e 3 cancións de concerto iberoamericanas ao menos unha en galego. (Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes).
2. **Actuar como responsable do grupo dirixindo a interpretación colectiva** mentres realiza a súa propia parte. Demostrar a súa capacidade de adaptación e axuste ao grupo durante a interpretación. (Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Así mesmo, pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo).
3. **Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade** na agrupación que corresponda. (Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, o seu grao de fluidez e comprensión da obra). (MINIMO ESIXIBLE)
4. **Traballo individual do repertorio programado.** (Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical). (MINIMO ESIXIBLE)
5. **Interpretar en público**, nas audicións ou concertos organizadas a tal fin, o repertorio traballado nas sesións de clase. (Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada).

#### Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliação indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliação correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.

- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

#### Procedementos e ferramentas de avaliação

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia <de ser o caso>.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción titorial.

O procedemento xeral de avaliação é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliação do alumnado:

- Observación directa e seguimiento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliação e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizados na materia.
- Probas puntuais de nivel ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.
- No caso de non poder participar na audición ou concerto público por causa xustificada o profesor/a propondrá unha data para unha audición interna grabada en video na clase.

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliação, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliação do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliações do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

## Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE A MATERIA: participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. 25% da cualificación.
- TRABALLO DE INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL: Lectura a primeira vista (mínimo esixible), dominio da técnica de base do instrumento no relativo á control da afinación da sonoridade e do ritmo seguindo ás indicaciones de dinámica e agóxica. (mínimo esixible). 37,5% da cualificación.
- TRABALLO DE INTERPRETACIÓN NA AGRUPACIÓN: Adaptación ao grupo en canto a sonoridade, articulación e estilo adecuado (mímo esixible) Coñecemento e dominio da xestualidade apropiada na interpretación en grupo. Interpretación das obras traballadas en audicións e concertos públicos. 37,5% da cualificación.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a Rúbrica A publicada nesta programación (ver anexos).

